

1.4

inflación e tipos de xuro

Un primeiro aspecto salientable a partires dos datos facilitados polo INE, o IGE e o Banco de España é o importante aumento da taxa de inflación experimentado ó longo de 1999.

A **taxa media de inflación** en Galicia –medida polo índice de prezos ó consumo no **cadro 1.4.1.**– acada o 2,6% en 1999, sete décimas superior á existente no ano anterior, en tanto que a taxa media de inflación anual ascende en España ata o 2,3%, 0,5 puntos superior á experimentada en 1998.

Desagregando o estudio por provincias, o dito **cadro 1.4.1.** amosa cómo a taxa media de inflación ascende en tódalas provincias respecto ó ano anterior agás no caso da Coruña, onde se acada o mesmo nivel. Pontevedra e Lugo son as provincias galegas coa taxa media de inflación máis elevada (2,9%) e esta última salienta polo forte crecemento da mesma, que pasa do 1,1% de 1998 ata o 2,9% xa mencionado. A provincia

de Ourense séguelas con 2,3%, en tanto que a provincia de A Coruña presenta a menor taxa de crecemento da inflación, con 2,1%.

Se se observa a evolución mensual da taxa de inflación, recollida no **cadro 1.4.2.**, os meses de marzo, abril, xullo, agosto e decembro son os que presentan unha maior taxa de variación mensual, co 0,5% respecto ó mes anterior, en tanto que o mes de outubro ten unha taxa do 0,0%. En relación ás taxas mensuais españolas, os meses de setembro e novembro presentan unha taxa de variación mensual da inflación superior á experimentada en Galicia, mentres que foi igual nos meses de xaneiro, xullo e decembro.

Por comunidades autónomas (ver **cadro 1.4.3.**), só catro, A Rioxa (3,2%), Cataluña e País Vasco (2,8%) e Murcia (2,7%), presentan unha taxa media de variación anual da inflación superior á media galega. A comunidade autónoma de Navarra rexistra cifras similares á media

CADRO 1.4.1.

de Galicia (2,6%) e o resto, unha inflación inferior.

Desagregando a análise do IPC xeral nos diferentes grupos de gasto, o devandito cadro reflicte que a taxa media de variación anual é superior en Galicia en todos eles agás en “esparcemento, ensino e cultura” (catro décimas inferior) e en “transportes e comunicacións” (unha décima inferior). Os grupos máis inflacionistas foron os de “outros bens e servicios” (3,9%) “servicios médi-

foi similar á taxa media anual de inflación: 2,3%. No caso galego, a taxa de crecemento dos salarios foi do 2,8%, é dicir, 0,2 puntos por riba da taxa media anual de inflación galega (**cadro 2.1.33.**: *Ganancia media por traballador e mes na industria e nos servicios nas CC.AA. 1998-99*) e 0,5 puntos inferior á taxa de variación interanual (3,3%).

Non obstante, a pesares deste maior crecemento dos pagos totais galegos, Galicia, en termos absolutos, segue sendo a quinta comunida-

CADRO 1.4.2.

IPC galego e español 1998-99: medias e taxas de variación mensuais

	1998				1999			
	índice xeral base 1992							
	(media mensual)		(taxas de variación mensuais (1))		(media mensual)		(taxas de variación mensuais (1))	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Xaneiro	124,0	123,2	0,3	0,2	125,8	125,1	0,3	0,3
Febreiro	123,6	122,9	-0,4	-0,2	126,0	125,2	0,2	0,1
Marzo	123,6	123,0	0,0	0,0	126,6	125,7	0,5	0,4
Abril	124,0	123,3	0,3	0,2	127,2	126,2	0,5	0,4
Maio	124,4	123,5	0,3	0,1	127,3	126,2	0,1	0,0
Xuño	124,5	123,5	0,1	0,1	127,4	126,2	0,1	0,0
Xullo	125,0	124,0	0,4	0,4	128,0	126,8	0,5	0,5
Agosto	125,4	124,3	0,3	0,3	128,7	127,3	0,5	0,4
Setembro	125,4	124,4	0,0	0,1	128,8	127,6	0,1	0,2
Outubro	125,3	124,4	0,0	0,0	128,8	127,5	0,0	-0,1
Novembro	125,2	124,3	-0,1	-0,1	128,9	127,7	0,1	0,2
Decembro	125,4	124,7	0,2	0,3	129,5	128,3	0,5	0,5

(1) calculada sobre o mes anterior
 Fonte: INE

cos e sanitarios” (3,2%) e “transportes e comunicacións” (2,8%). Pola contra, o sector menos inflacionista foi, ó igual que en España, o grupo de “esparcemento, ensino e cultura”, cunha taxa media de variación anual do 0,8%.

Un factor de análise sempre discutido no contexto da creación da inflación é a variación dos **salarios monetarios**. Atendendo á enquisa de salarios na industria e nos servicios, en España, a taxa de crecemento dos pagos totais

de con menores salarios monetarios totais, por diante de Canarias, Castela a Mancha, Estremadura e Murcia. O salario total medio ascendeu en 1999 a 196.073 pesetas/mes, fronte ás 225.147 pesetas ó mes de media no caso español.

Finalmente, o **Índice de Prezos Industriais (IPI)** experimenta un repunte no último ano, **cadro 1.4.4.**, e o seu índice xeral presenta unha taxa media de variación anual de 0,67%. Dun xeito máis desagregado, aumentan os índi-

CADRO 1.4.3.

IPC xeral e por grupos de gasto das CC.AA. 1999: taxas medias de variación anuais

	IPC xeral	IPC grupos de gasto							
		Alimentos, bebidas e tabaco	Vestido e calzado	Vivenda	Menaxe e servizos para o fogar	Servizos médicos e sanitarios	Transportes e comunicac.	Esparcimento, ensino e cultura	Outros bens e servizos
Andalucía	2,0	1,2	2,1	2,0	2,1	1,8	2,5	0,3	3,0
Aragón	2,4	2,3	1,4	2,2	3,2	5,9	2,2	1,3	3,0
Asturias	2,5	1,5	2,6	3,3	0,8	2,7	2,8	2,5	3,6
Baleares	2,3	1,3	1,6	3,0	1,9	1,9	3,2	0,7	3,7
Canarias	2,3	2,3	1,0	2,2	0,5	1,6	2,8	1,4	4,0
Cantabria	2,4	2,1	2,3	1,9	-0,2	1,0	3,2	-0,2	4,8
Castela e León	2,3	1,4	1,6	3,2	2,2	2,0	2,8	0,8	3,5
Castela-A Mancha	1,9	1,3	2,0	2,5	1,4	2,2	2,6	-0,4	2,5
Cataluña	2,8	2,7	3,3	2,1	2,6	3,0	3,0	1,8	3,5
C. Valenciana	2,0	1,2	2,9	1,1	1,6	2,9	3,2	1,2	2,5
Extremadura	1,7	1,5	0,7	1,6	1,1	2,0	2,4	0,3	2,9
Galicia	2,6	2,0	2,4	2,4	2,4	3,2	2,8	0,8	3,9
Madrid	2,0	1,3	1,6	1,7	2,3	2,1	2,5	0,3	3,9
Murcia	2,7	1,9	2,7	2,6	3,2	2,8	2,5	2,7	4,1
Navarra	2,6	1,9	3,0	1,6	2,9	1,9	2,4	3,5	3,4
A Ríoxa	3,2	2,9	2,4	2,2	3,6	2,8	2,4	2,6	5,9
País Vasco	2,8	2,1	2,1	1,9	2,5	1,4	3,1	1,8	5,3
Ceuta-Melilla	1,5	0,6	1,2	1,2	0,5	3,0	5,2	0,6	2,7
Total	2,3	1,8	2,3	2,1	2,1	2,5	2,9	1,2	3,7

Fonte: INE

CADRO 1.4.4.


Indice de prezos industriais 1998-99: taxas medias de variación anuais

	1998		1999	
	Indice base 1990 (media anual)	(taxa media de variación anual)	Indice base 1990 (media anual)	(taxa media de variación anual)
Xeral	120,2	-0,66	121,0	0,67
Bens de consumo	127,2	0,39	129,1	1,49
Bens de equipo	118,2	0,68	119,0	0,68
Bens intermedios	114,7	-2,13	114,6	-0,09

Fonte: INE

GRÁFICO 1.4.1.

Indice de Prezos Industriais 1995-99 : taxas de variación media anual



Fonte: INE

CADRO 1.4.5.

Tipos de xuro e rendementos da débeda pública en España e outros países da UE 1998-99 ⁽¹⁾

Tipos de xuros interbancarios a tres meses	1998	1999
	<i>(en medias de cifras diarias)</i>	
Alemaña	3,47	3,38
Francia	3,42	3,39
Italia	4,95	3,39
Reino Unido	7,30	5,94
España	4,24	3,45

Rendementos da débeda pública a longo prazo ⁽²⁾	1998	1999
Alemaña	4,57	5,15
Francia	4,64	5,27
Italia	4,88	5,36
Reino Unido	5,60	5,35
España	4,83	5,37

Diferencial España/Países da UE	1998	1999
Alemaña	0,26	0,22
Francia	0,19	0,10
Italia	-0,05	0,01
Reino Unido	-0,77	0,02

(1) datos de 1999 corresponden ó mes de decembro

(2) empregados para a medición da converxencia dos países da UE

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do Banco de España

ces de prezos no caso dos bens de consumo e dos bens de equipamento, en tanto que os bens intermedios moderan o seu descenso.

No concernente ós **tipos de xuro**, no ano 1999 continúa tanto o proceso de redución dos tipos de xuro así como a redución dos diferenciais dos mesmos. Respecto ós diferenciais de tipos de xuro, o **cadro 1.4.5.** reflicte ese recorte nos catro países considerados, a diferenza do acontecido no ano anterior, onde o diferencial con Italia e o Reino Unido aumentaba. Asemade, o cadro reflicte un aumento do rendemento da débeda pública ó longo prazo en tódolos países considerados agás no Reino Unido, onde continúa o descenso.

O **cadro 1.4.6.** amosa a evolución dalgúns dos principais tipos de xuro en España. Como se pode apreciar, ó longo de 1999 o tipo de xuro legal permaneceu no 4,25 nos meses

de xaneiro e decembro, fronte ós 5,50 do mes de decembro do ano anterior. Comparado cos datos do mes de decembro de 1998, prodúcese un aumento do tipo interbancario a un ano, que acada os 3,806, fronte ós 3,240 do ano anterior. ■

CADRO 1.4.6.

Tipos de xuros en España 1998-99

	Tipo de xuro legal	Tipo interbancario (Mibor) a un ano	Tipo activo de referencia de caixas de aforro	Tipo de referencia preferencial		Tipo pasivo de referencia de caixas de aforro
				Bancos	Caixas	
1998 (1)	5,50	3,240	6,125	5,99	5,43	2,500
1999						
Xaneiro	4,25	3,065	6,375	5,81	5,28	2,250
Decembro	4,25	3,806	5,875	5,09	4,83	2,375

(1) decembro

Fonte: *Banco de España*

